



/:Mi novia me pediu un beso:/
y yo le dije...
así no pode ser eso
que si vienen los de asalto
/:y nos pueden levar presos:/
preso pa toda mi vida
centinela, centinela
...
... la noite en vela.

Miña nai por me casar-e
afresiume canto tiña,
e despois de casadiño
paghoume cunha ghalíña.

Home ti rico serás
pró millo colles ben pouco,
pont´ón lado do cabazo
vés o día polo outro.

E dámo e dámo
se mo queres dar,
e despois de vella
/:pódelo ghardar (x3),
e dámo e dámo
se mo queres dar.

O pandeiro toca ben-he,
as ferriñas danll´o son-he,
as rapazas que i-o tocan
elas de Bazar che son-he.

Ramonsiño, o meu Ramón-he
meu rosario de cadea,
cando vexo o meu Ramón-he
vexo a miña casa cheia.

Ni como ni bebo
ni puedo llorar
a ver que os teus ollos
/:me van a olvidar (x3),
ni como ni bebo
ni puedo llorar.



María, miña María,
moito ben t'hei de querer-e,
cando fun ó teu muíño
sempre me deixas moer-e.

E vaite d'aí,
xa podes marchar,
máis na miña vida
/:che volvo a falar (x3),
e vaite d'aí,
xa podes marchar.

Unha noite no muíño,
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira
esa sí que é muiñada.